

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE FERROL VELLO DO DÍA 9 DE MAIO DE 2016

No local do Centro Cívico de Ferrol Vello, situado na rúa Curro nº 1, Ferrol, sendo as 19.35 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Ferrol Vello cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	20	Nº de homes:	4
		Nº de mulleres:	16

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

Iniciase a asemblea cunhas preguntas que formula unha das veciñas que asisten (Josefa Deibe), no seguinte sentido: ¿Que peso ten esta asemblea con relación aos dereitos fundamentais dun veciño ou veciña?. ¿Que vale mais as decisións da asemblea ou os dereitos fundamentais dunha persoa?. ¿As decisións da asemblea poden afectar aos dereitos fundamentais?.

Respostáselle que en ningún caso se vai elevar ao órgano competente ningunha proposta colectiva que vulnere ningún dereito individual.

En segundo lugar procedese a escoller os representantes de Ferrol Vello tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Informase aos asistentes que previamente á celebración da Asemblea se presentaron as seguintes candidaturas

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Manuel Zapata Pazos
En representación de entidades	María Teresa Fernández Martínez (AVV Ferrol Vello).

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA

Manuel Zapata Pazos.

María Teresa Fernández Martínez.

Interven Josefina Deibe, veciña do barrio, para propor que se efectúe unha votación.

En todo caso pide que conste expresamente na acta que non ten nada en contra das persoas que presentaron a súa candidatura pero que o seu voto é en contra de que se constituía ningún órgano e se nega a que a representen as persoas elixidas para ditos cargos en ningunha das cuestións que lle poidan afectar a nivel individual ou colectivamente.

Non existindo ningunha outra intervención ao respecto resultan elixidas para os cargos as persoas que presentaron a súa candidatura con antelación á celebración da asemblea e que se reflicten no cadro anterior.

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Ferrol Vello e que a modo de resumo son os seguintes:

- Problemas de transporte.
- Reforma da rúa San Francisco e da rúa Espartero.
- Creación de zonas verdes no barrio.
- Zona de xogos infantís.
- Entrega do Centro Cívico e posta en funcionamento do ascensor.
- Parking público.
- Esixencias medioambientais para o control das descargas no porto.
- Infraestruturas deportivas.
- Plans de dinamización para o barrio con actividades que permitan atraer e fixar poboación.
- Mellora de iluminación.
- Arranxar as rúas.
- Que se abra a porta de Copacabana debaixo da pasarela.
- Recuperar o dobre sentido de circulación na Costa de Mella dende o cruce da rúa San Diego.
- Revisar a circulación no barrio para facilitar a mobilidade.
- Rehabilitación do barrio para intentar atraer a xente.
- Plan para recuperar as antiga vías do tren para uso turístico. Punto de partida do Camiño

Inglés.

- Posta en funcionamento dun albergue para os peregríns posto que ata o de agora o único que existe está en Covas.
- Recuperación do solar na rúa Breogán; na vella fábrica de jabones Pucho.
- Darlle saída ao calexón de entrada ao Centro Cívico.
- Desrratización do barrio.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20.45 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro